

FICHA DE INSCRICIÓN "ALDEA DE VERÁN 2022"

Data da inscrición: _____ **Nº de inscrición:** _____

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome e apelidos _____

DNI _____ Enderezo _____

Localidade _____ C.P. _____

Teléfonos de contacto _____

Correo electrónico _____

Proxenitor/a ou titor/a legal con vinculación laboral en San Sadurniño: Si Non

2. DATOS DA CRIANZA PARTICIPANTE:

Nome e apelidos _____

DNI _____ Data de nacemento _____

Ten irmán/irmá participando na actividade: Si Non

Menor matriculado no centro escolar de San Sadurniño: Si Non

3. DATOS SITUACIÓN LABORAL E FAMILIAR:

	CON EMPREGO	PARTICIPANDO EN FORMACIÓN REGRADA OU PARA O EMPREGO	EN DESEMPREGO
NAI			
PAI			
TITOR/A LEGAL			

Familia monoparental: Si No

4. CONTACTO EN CASO DE URXENCIA (cubrir só no caso que sexa diferente á persoa solicitante):

Nome e Apelidos _____

Parentesco _____

Teléfonos de contacto _____

5. PERSOAS AUTORIZADAS PARA A RECOLLIDA DA CRIANZA PARTICIPANTE:

Nome e apelidos _____ DNI _____

Nome e apelidos _____ DNI _____

Nome e apelidos _____ DNI _____

Nome e apelidos _____ DNI _____

Nome e apelidos _____ DNI _____

6. MESES DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE:

Xullo

Agosto

Observacións: _____

7. HORARIO DE PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE:

De 8:30 a 14:30 horas.

De 9:30 a 14:30 horas.

1ª Entrada: Entre as 8:30 e as 9:00 horas. Sinalar: _____

2ª Entrada: Entre as 9:30 e as 10:00 horas. Sinalar: _____

Saída: Entre as 14:00 e as 14:30 horas. Sinalar: _____

Esixirase puntualidade na entrega e recollida das crianzas.

8. NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

- Deberase comunicar á persoa responsable da actividade os cambios que poidan figurar nos datos da súa ficha de inscrición.
- A cota de inscrición mensual na actividade será:

	HORARIO DE 8:30 A 14:30 HORAS	HORARIO DE 9:30 A 14:30 HORAS
1º Membro da unidade familiar	110€	80€
2º Membro da unidade familiar	75€	50€
3º Membro da unidade familiar	45€	30€

- O pagamento da actividade será por mes completo e en ningún caso por fraccións, independentemente da participación na actividade.

- Pregarase puntualidade na entrega e recollida das nenas e nenos. Máis de 4 faltas de puntualidade ó mes sen xustificar na entrega e recollida das nenas e nenos, poderá ocasionar a baixa automática na actividade.
- O pago deberá efectuarse mediante transferencia bancaria na conta **(ABANCA) ES74-2080-0208-01-3110000059** nas seguintes datas, indicando como concepto **“Aldea de Verán 2022”**, o nome e apelidos da crianza inscrita e o mes de participación:
 - **De 8:30h do 1 de xuño ás 14:30h do 10 de xuño:** para as inscricións na actividade durante o mes de xullo. Neste mesmo período, tamén se poderá facer a reserva para o mes de agosto procedendo á inscrición para os dous meses.
 - **De 8:30h do 1 de xullo ás 14:30h do 12 de xullo:** para as inscricións na actividade durante o mes de agosto.

- Finalizados os prazos de matrícula, as persoas que NON estean empadroadas no Concello de San Sadurniño deberán facer o pago unha vez que os servizos técnicos municipais lles confirmen a praza.
- A **prioridade de admisión na actividade** será, tendo en conta a data de rexistro de entrada no Concello e respectando a seguintes grupos e criterios de prioridade:

Grupo 1: Familias empadroadas no Concello de San Sadurniño:

- 1º criterio: *Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.*
- 2º criterio: *Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.*
- 3º criterio: *Que non cumpran ningunha condición das mencionadas nos puntos anteriores.*

Grupo 2: Familias non empadroadas no Concello de San Sadurniño, con vinculación laboral co municipio:

- 1º criterio: *Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.*
- 2º criterio: *Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.*

Grupo 3: Familias non empadroadas no Concello de San Sadurniño, con crianzas matriculadas no CPI de San Sadurniño:

- 1º criterio: *Que cumpran a condición de ser familia monoparental ou a que os dous proxenitores estean traballando ou realizando formación regrada para o emprego.*
- 2º criterio: *Que cumpran a condición de que un dos proxenitores estea traballando ou realizando formación regrada para o emprego.*
- 3º criterio: *Que non cumpran ningunha condición das mencionadas nos puntos anteriores.*

Grupo 4: Familias solicitantes tomando como referencia unicamente a data de inscrición.

* En cada un dos casos anteriores, sempre terán preferencia as solicitudes que demanden o

servizo para o horario de 8:30 horas a 9:30 horas e con asistencia a actividade con carácter mensual, sobre quen solicite o servizo por quincenas ou para o horario de 9:30 a 14:30 horas.

* Existirán 2 prazas reservadas para derivacións dos servizos sociais ou casos de urxencia por motivos sociofamiliares ou económicos.

- As persoas interesadas en participar na actividade durante o mes completo e con demanda dende as 8:30 horas tamén terán preferencia ante as familias que participen só por quincenas e con demanda dende ás 9:30 horas.
- Infórmase que na franxa horaria de 8:30 a 9:30 só contaremos con 10 prazas dispoñibles e de 9:30 a 14:30 contaremos con 35 prazas, en función das idades inscritas. Unha vez cubertas as prazas, o resto das inscricións formarán parte dunha lista de reserva ordenadas tendo en conta os criterios anteriores.
- Ás persoas interesadas na actividade en períodos de 15 días ou pertencentes a outros Concellos, recolleránselles os seus datos na ficha de inscrición, pero para formalizar o pago da matrícula deberán agardar a que rematen os prazos de inscricións establecidos e a confirmación da súa praza polos servizos técnicos municipais.
- En ningún caso se procederá a devolución das cotas unha vez realizado o pagamento.

9. OBSERVACIÓNS QUE DESEXEN SINALAR:

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos sinalados nesta ficha son certos.
A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

_____, _____ de _____ de 2022.

Sinatura da persoa solicitante:

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR:

- **Fotocopias dos DNI das persoas autorizadas para a entrega e recollida do/a participante.**
 - **1 Fotografía tamaño carné, identificada co nome da nena ou neno no dorso.**
 - **Autorizacións ao Concello de San Sadurniño.**
 - **Ficha de datos médico-sanitarios debidamente cuberta e fotocopia da tarxeta sanitaria da crianza.**
 - **Xustificante do ingreso bancario (só para as persoas empadroadas no Concello de San Sadurniño)**
-
- Autorización de representación.**
 - Título de familia numerosa.**
 - Documento acreditativo da situación laboral ou de estar realizando formación regrada para o emprego (cabeceira da nómina, contrato de traballo, xustificante pago autónomos, vida laboral...)**
 - Documento expedido polo CPI de San Sadurniño que acredite que o/a menor está matriculado no centro (só para persoas que non estean empadroadas en San Sadurniño)**

INFORMACIÓN SOBRE A PROTECCIÓN DOS DATOS: De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo en O CASAL, 16, 15560, SAN SADURNIÑO (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para lle prestar o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do dito servizo. Os datos que sexan necesarios cederanse á empresa xestora de "Aldea de Verán 2022" para a organización da actividade. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse, retirar o consentimento ou solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para isto, o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para lle facilitar o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: correo@sansadurnino.gal.